

INFORME SOBRE OS FONDOS PATRIMONIAIS E CULTURAIS DO *CENTRO GALLEGO DE BOS AIRES*

Consello da Cultura Galega
Xaneiro, 2018



1. PRECEDENTES HISTÓRICOS: FUNDACIÓN E ACTIVIDADES DA ENTIDADE

A creación dun Centro Gallego en Bos Aires, forte e que aglutinase a toda a colectividade galega asentada na Arxentina, seguindo o exemplo de Cuba ou de Uruguai, tivo unha serie de precedentes e intentos frustrados. En 1879 fundouse un Centro Gallego, que desapareceu en 1892 tras un período de loitas e disputas entre os seus directivos e socios. Un ano despois houbo outro intento de creación pero non callou; o mesmo pasou en 1900, cando se constituíu unha agrupación baixo o nome de “Unión Gallega”, presidida por Alberto Serantes; ou en 1902 a creación do “Círculo Gallego” tampouco tivo éxito. A pesar dos bos propósitos que tiñan os seus iniciadores, personalidades destacadas da colectividade, non se chegaba a implicar a gran masa de emigrantes que arribaban de maneira multitudinaria ao país, e que malia as súas dificultades non lograban crear un vínculo de unión para loitar polos seus dereitos e saír das súas dificultades.

A fundación do actual Centro Gallego foi froito dunha reunión entre destacados galegos residentes na capital arxentina, con motivo dunha homenaxe feita en honor ao falecido compositor Pascual Veiga na cidade de Bos Aires o 31 de outubro de 1906. A prensa da colectividade, liderada polo xornalista José Lence dende *El Diario Español*, lanza a idea de fundar un centro similar ao da Habana ou Madrid, para que axudase a todos os galegos necesitados da Arxentina: “El Centro a fundarse debe ser la casa de los inmigrantes gallegos que llegan a esta tierra desconocida para ellos, y allí podían ser recibidos para dar a cada uno colocación adecuada a sus aptitudes y conocimientos”. Uns días despois o “Centro Vigués” lidera esa proposta e coa axuda do “Orfeón Coruñés”, o “Orfeón Mindoniense” e o “Orfeón Gallego Primitivo” aproban a creación dun Centro Gallego. Encabezada por Antonio Varela Gómez, como presidente, e Julio de la Cuesta, como secretario, créase unha comisión que se reúne o 2 de maio de 1907 e aproba a constitución

dun novo centro para que, tal como se menciona na acta fundacional, “al igual que otros congéneres establecidos en diversas capitales americanas y europeas, pueda llenar las necesidades de que completamente carece nuestra colectividad, y para lo cual se comprometen a constituirse en propagandistas para la pronta realización de esta patriótica empresa”.

Alugouse como sede un pequeno local, situado na rúa Estados Unidos, nº 1056, no que se creou un consultorio médico e onde se impartían clases nocturnas de alfabetización.

Aos dous meses da súa creación conta xa con 200 socios e o 21 de xullo celébrase unha asemblea xeral para elixir a primeira comisión directiva, presidida por Roque Ferreiro, que se encargan de redactar e aprobar os primeiros estatutos sociais. Constitúen as seccións de instrución, beneficencia, recreo e a Comisión revisora de contas.

Durante a presidencia de Roque Ferreiro empezouse a establecer a asistencia médica aos socios de maneira gratuíta; celebráronse numerosas romarías e festas; recadaban cartos para enviar a Galicia puntualmente; manifestaron o seu apoio á campaña pro-redención de foros iniciada pola Sociedad de Agricultores de Teis; tamén participaron nunha campaña contra a “trata de blancas”; ou instituíuse un premio de 500 pesetas ao mellor traballo nun certame literario “Sobre los medios para combatir el caciquismo en Galicia”; creouse tamén unha Oficina de Trabajo e Inmigración.

Co seguinte presidente, Laureano Alonsopérez, a sociedade, xa asentada, transformouse nunha entidade benéfico-mutualista, e con este cambio dos fins sociais aumentou de maneira considerable o número de socios. Novamente houbo cambios de sede social, que se instala na rúa Victoria 1176, onde centralizaron os servizos médicos, baixo a dirección do Dr. Avelino Barrios, e comezaron a primeiras xestións para a construción dun sanatorio. Conxuntamente establecen os servizos fúnebres (en 1925 será inaugurado o Panteón Social no cemiterio da Chacarita), de asesoramento xurídico e a farmacia social.

A institución tivo varias sedes ata que en 1917, grazas a unha subscrición popular, se mercou un palacete situado na rúa Belgrano 2189, lugar no que está situado na actualidade. En 1923, tras unha profunda reforma, foi inaugurada a sede social cun gran festival. Durante as décadas dos anos 20 e 30 fóronse mercando varias propiedades inmobiliarias anexas ao edificio social, para aumentar as súas instalación polas rúas Pasco, Moreno e Belgrano. Durante a segunda presidencia

do Sr. Alonsopérez, levouse a cabo a ampliación do edificio social, dedicada principalmente aos servizos médicos. Na presidencia de José Rodríguez González (1935-38) inaugurouse un novo Sanatorio social. O actual edificio social, tal e como o coñecemos na actualidade, foi inaugurado en 1941. A entidade contaba neses anos con máis de 63.000 asociados (chegou nos anos 60 a máis de 100.000).

O 9 de decembro de 1933 manifestan publicamente o seu apoio á autonomía galega, apoio que reiteran en xuño de 1936: “teniendo en cuenta que la Autonomía de Galicia no es un asunto político, sino eminentemente patriótico; consecuente con la posición fijada al respecto y fiel al precepto estatutario que dispone: ‘secundar eficazmente toda acción progresista que se inicie en bien de Galicia’ ”. (*Galicia*, nº 471).

Aínda que moi centrados, nos anos da posguerra, na cobertura asistencial e médica dos asociados, continuaron coa realización de actividades lúdicas e culturais, como a organización das *Jornadas Gallegas*, de carácter anual (o primeiro convidado, en 1947, foi Ramón Otero Pedrayo), exposicións de libros e pintura, edicións de libros de autores galegos, a defensa da lingua galega ante institucións internacionais como a UNESCO, a organización de ciclos de conferencias sobre temas galegos e numerosas colaboracións con actividades a prol de Galicia, organizadas por outras asociacións galegas na Arxentina e mesmo no exterior, entre outras.

2. PATRIMONIO CULTURAL

Dende o 1 de xaneiro de 1913 o Centro publicaba unha revista social, primeiro baixo o nome de *Boletín Oficial del Centro Gallego* e que dende 1926 pasou a chamarse *Galicia* —que aínda se edita na actualidade—, para informar das actividades e servizos ofertados aos seus socios. Contén, ademais, numerosos artigos sobre Galicia, que abordan a súa cultura, descrición de vilas e comarcas, política, historia, literatura, economía, reportaxes diversas de actualidade, comentarios bibliográficos (seccións como «Libros» por Eduardo Blanco Amor), colaboracións literarias, etc. O tratamento e importancia dados a estes temas son moi diferentes ao longo do período da publicación da revista, dependendo das directrices marcadas pola dirección do Centro. Entre os seus editores destacan persoeiros como o poeta Miguel Revestido, Rogelio Rodríguez Díaz, Luís Seoane e Eduardo Blanco-Amor.

No ano 1969, baixo a presidencia de Eduardo Sánchez Millares, creouse o “Instituto Argentino de Cultura Gallega”, que daba continuación ao labor da antiga Comisión de Cultura, que ata ese momento se ocupaba de todo o relacionado coa difusión da cultura galega e a custodia do patrimonio cultural da institución. O Instituto ocúpase dende entón de realizar unha intensa actividade, realización de concursos literarios cunha ampla presenza de autores galegos, a publicación de libros que en Galicia estaban prohibidos, organizando conferencias e diversos actos en prol da lingua e da cultura galegas. Na actualidade xestiona unha biblioteca con máis de 20.000 volumes, con obras cimeiras da cultura galega; unha librería situada no vestíbulo de entrada do edificio social, que conta con todo o catálogo de *Ediciones Galicia*, editorial creada nos anos 60 polo Centro e que editou 58 libros (entre os que destacan a impresión das obras de Castelao, as *Obras completas* de Cabanillas, de Villar Ponte, etc.) e 7 discos.

Ao longo da súa historia o Centro Galego foi custodiando unha importantísima colección de obras de arte, doadas por artistas e socios ou mercadas polas diferentes directivas, que inclúen obras pictóricas, estatuas, esculturas, etc. Entre os seus fondos podemos citar obras de Castelao, Laxeiro, Viveros, Luis Aquino, Francisco Lamas, Manuel Oliveira, Demetrio Urruchua, Manuel Torres, José Solla, Samuel Mallo, Leopoldo Nóvoa García, Luís Seoane, Carlos Maside, Dolores Freixas, Manuel Escudero, Carlos Cañás, José María Moraña, Gustavo Fernández, Lorenzo Carballo, entre outros moitos.

Conta tamén cunha moi importante colección de partituras musicais orixinais, obras corais e sinfónicas, obras que foran encargadas pola Comisión de Cultura e sempre relacionadas coa colectividade galega. Así mesmo, dispón dun arquivo sonoro importantísimo para o estudo da cultura e a historia de Galicia, pois componse de gravacións de conferencias e actos nos que participaron intelectuais galegos e arxentinos tales como Alfonso Castelao, Ramón Otero Pedrayo, Martínez Risco, Álvaro Cunqueiro, Eduardo Blanco-Amor, Battistesa ou Ghioldi. Sen esquecermos do importante patrimonio fotográfico que conserva nas súas instalacións.

Ata a década dos 80 do pasado século, o Centro Gallego de Bos Aires estaba considerado como a entidade galega asistencial e cultural máis destacada de Arxentina. En 1990 o Goberno galego concedeulle a Medalla de Ouro de Galicia, por todo o seu labor ao longo da súa historia e por manter viva a representación de Galicia no exterior.

3. OS ÚLTIMOS ANOS

Alén deste inmenso patrimonio cultural, a entidade contaba cun *Sanatorio* senlleiro en tecnoloxía, con atención médica para os socios, como se marcaba nos seus propios estatutos: “El servicio del Centro Gallego, que alcanza la plenitud de sus derechos a los seis meses de inscripción, tiene asistencia médica en los consultorios internos, en su propio domicilio [...] además de todos los análisis, radiografías y medicamentos que precise y si necesita ser intervenido quirúrgicamente, la internación gratuita en el sanatorio y la operación en sí, también absolutamente gratis”.

Pero os tempos e as circunstancias cambiaron. Na actualidade esta institución, cun número moi reducido de asociados, pasa por unha grave crise económica, debido tanto á precariedade da economía arxentina como á inadecuada xestión dos fondos da sociedade. A gran maioría dos seus socios son persoas de avanzada idade, que precisan atención médica constante e que coas súas cotas (moitas das cales non poden pagar) non poden manter as actividades sanitarias, primordiais na actualidade. As axudas das institucións galegas como a Xunta só serviron para aliviar o grave déficit do centro e parece que non puideron salvar a institución da endémica situación de crise que vive dende os anos 90.

En 1997, a Xunta de Galicia creou a *Fundación Galicia Salud*, integrada polo Goberno galego e as autoridades do Centro Gallego, para xestionar a área asistencial-sanitaria da entidade. De 2003 a 2011 intentouse paliar a grave crise do Centro pero ese ano foi disolta esta Fundación e a xestión do Sanatorio pasou a mans do INAES arxentino. Hai escasas semanas saíu a noticia da posible venda do sanatorio a un grupo privado. A preocupación dos socios e da colectividade galega en Arxentina, pero tamén da sociedade galega en xeral, está centrada no que deparará o futuro a esta senlleira entidade e como repercutirá na cobertura asistencial dos seus socios e os fondos patrimoniais que se conservan no Centro.

4. O FUTURO DESTE PATRIMONIO CULTURAL

Sen entrarmos na cuestión máis concreta da situación inmobiliaria e de xestión do *Centro Gallego*, cómpre concentrar a nosa ollada sobre o patrimonio cultural (artístico, documental, bibliográfico, musical e hemerográfico) que custodia o Centro, porque consideramos que se trata dun patrimonio pertencente á cultura

galega, que entre todos debemos defender e salvagardar. Tendo en conta as consideracións realizadas nos apartados anteriores, este patrimonio constitúe un legado imprescindible que, como tal, merece ter o máis alto grao de *protección* xurídica que garanta a súa integridade e a súa conservación no futuro, en canto relevante manifestación material e inmaterial (mesmo simbólica) da cultura de Galicia

A cultura non pode ser comprendida sen a súa dimensión exterior e, nomeadamente, sen aquelas expresións que construíron milleiros de emigrantes e de exiliados. O patrimonio do Centro Gallego de Bos Aires é, sen dúbida, a obra máis importante que realizaron as colectividades galegas da emigración e sen o seu concurso e apoio, como se reconece neste propio documento, a cultura galega contemporánea, nomeadamente a partir de 1936, tería sido moito máis pobre. Como pequena mostra da importancia que ten o patrimonio gardado (e, en moitos casos, mesmo rexistrado en documentos audiovisuais) está a creación dos arquivos do Consello da Cultura Galega (Arquivos da Emigración e Sonoro), que naceron, entre outros, grazas a estes fondos que alimentaron coleccións como *As nosas voces*, exposicións e xornadas de estudo.

Este Consello da Cultura Galega, alén de manifestar a súa fonda preocupación pola situación en que está inmerso o propio Centro Gallego de Bos Aires, entende que se deben desenvolver actuacións concretas para salvagardar este patrimonio. E por isto que propón que o Goberno galego, ao que o Consello se ofrece a prestar o apoio que se lle solicite, leve a cabo contactos e xestións perante as pertinentes instancias diplomáticas, españolas e arxentinas, para garantir que o legado cultural e inmaterial que encerra o Centro Gallego de Bos Aires manteña a súa integridade, sen prexuízo da función social, económica ou sanitaria que poida desenvolver.

Non se trata tan só dun mero *desideratum* de boas intencións, senón tamén do cumprimento dunha obriga legal, tal e como establece o artigo 27 da Lei da galegitude (7/2013, do 13 de xuño). De conformidade co previsto neste artigo, a Comunidade Autónoma de Galicia, en colaboración coas comunidades galegas asentadas fóra de Galicia, desenvolverá, entre outras, as seguintes actuacións en defensa e protección do patrimonio cultural galego no exterior:

1. A Comunidade Autónoma de Galicia colaborará na preservación e conservación do patrimonio cultural das comunidades galegas asentadas fóra de Galicia e velará polo seu destino no caso da disolución destas. Para iso, nos casos en que a normativa o permita, aquel patrimonio cultural e, de forma especial, o documental, sonoro e inmaterial que para a súa preservación deba ser conservado en Galicia será destinado, segundo o caso, ao Arquivo da Emigración Galega e ao Arquivo Sonoro de Galicia, órganos dependentes do Consello da Cultura Galega, que velará pola súa conservación, catalogación e difusión.

2. Así mesmo a Xunta de Galicia velará pola conservación do patrimonio da colectividade galega no exterior, así como polo mantemento da memoria histórica dos galegos e das galegas emigrados, mediante, entre outras, as seguintes accións: 1) Catalogación e inventario do patrimonio galego no exterior, especialmente das entidades e centros galegos. 2) Posta en valor do legado da emigración coa declaración de patrimonio cultural de Galicia a aqueles centros e entidades centenarias. 3) Difusión e posta en valor do patrimonio material e inmaterial da emigración galega coa creación dunha rede virtual e con accións de recoñecemento.

En consecuencia, o Plenario do Consello da Cultura Galega, na súa sesión ordinaria celebrada no día 9 de xaneiro de 2018, coa asistencia do seu Presidente de Honra, o Sr. Presidente da Xunta de Galicia, propón, segundo o establecido no artigo 4 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (“A Xunta de Galicia promoverá a salvagarda do patrimonio cultural de Galicia que se atope no exterior, especialmente en Latinoamérica, e alí onde exista unha presenza significativa de comunidades galegas”), que se adopten todas as medidas que resulten precisas para salvagardar a integridade do legado de quen co seu esforzo e valor fixo de Galicia unha realidade que transcende as súas fronteiras e da galegitude un xeito de ser e estar no mundo e que, este patrimonio, en razón da súa obxectiva importancia material e inmaterial, teña unha consideración e protección xurídica e institucional, análoga á que tería de estar en territorio de Galicia.



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA